



FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretariafgtm@fgtm.es](mailto:secretariafgtm@fgtm.es)  
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



CIRCULAR Nº 6

TEMPADA 2017/2018

# XXXI CAMPIONATO GALEGO XUVENIL XX CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN

## DATAS E LOCAL DE XOGO

27 e 28 de marzo de 2018.

No Pavillón do Colexio da Solaina, Rúa Cardenal Cisneros (no Barrio de Santa Icíá), Narón.

## PROBAS A DISPUTAR CON HORARIOS

Martes día 27: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Xuvenil: Individual e Dobres masculinos e femininos.
- Galego Benxamín: Equipos masculinos e femininos.

Mércores día 28: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Benxamín: Individuais e Dobres masculinos e femininos.
- Galego Xuvenil: Equipos masculinos e femininos.

## SISTEMA DE XOGO

Equipos galego xuvenil:

- Equipos masculinos (Copa Swaythling, mínimo 3 xogadores).
- Equipos femininos (Corbillón, mínimo 2 xogadoras).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Equipos galego benxamín:

- Equipos masculinos e femininos (Corbillón, mínimo 2 xogadores/as).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Os individuais disputaranse por grupos na primeira fase e por eliminatorias na fase final.

As probas de dobres masculinos e femininos, disputaranse por eliminatorias, ao mellor de 5 xogos.

## PARTICIPACIÓN

- Equipos xuvenís masculinos: 12
- Equipos xuvenís femininos: 8
- Equipos benxamíns masculinos e femininos: 12
- Individual xuvenil/benxamín Masculino: 40 xogadores
- Individual xuvenil/benxamín feminino: 24 xogadoras
- Dobres xuvenís/benxamíns masculinos: 16 parellas
- Dobres xuvenís/benxamíns femininos: 16 parellas



**FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA**  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretariafgtm@fgtm.es](mailto:secretariafgtm@fgtm.es)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Para seleccionar os equipos xuvenís masculinos tomaranse os 3 primeiros xogadores de cada equipo con máis puntuación no ránking.

Para seleccionar os equipos xuvenís femininos e Benxamíns masculinos e femininos tomaranse os 2 primeiros xogadores/as de cada equipo con máis puntuación no ránking.

Os xogadores/as participantes nas probas de individuais e dobres, tomaranse tendo en conta o ránking de cada inscrito/a.

Poderán participar todos aqueles xogadores con licenza federada en vigor durante a tempada 2017/2018.

### **CABEZAS DE SERIE**

Os cabezas de serie tomaranse tendo en conta o ránking de cada xogador/a.

### **DEREITOS DE INSCRICIÓN**

Campionato galego xuvenil:

- Equipos: 7 €.
- Individuais: 3 €
- Dobre: 3 € por parella.

Campionato Galego Benxamín:

- Equipos: 5 €.
- Individuais: 1 €
- Dobre: 1 € por parella.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta da Federación Galega: **0130/3007/70/0108038102**, enviando a continuación unha fotocopia da transferencia efectuada a José L. Cabaleiro Fernández, mail: [jlcabaleiro@hotmail.com](mailto:jlcabaleiro@hotmail.com)

Se ao finalizar a data de inscrición non se recibiu a mencionada transferencia, darase de baixa ao Club ou xogador/es implicado/s de todas as probas en que se inscribiron.

### **INSCRICIÓN**

Os clubs interesados en participar nestes campionatos terán que cubrir os FORMULARIOS DE INSCRICIÓN que se encontran na páxina web da galega, antes das 14:00 horas do día 10 de marzo de 2018.

Notas: A criterio do Xuíz Arbitro poderase xogar, na proba de equipos, en dúas mesas.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á CIRCULAR Nº5 - NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS, que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web.

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

*19 de febreiro de 2018*